

II Convocatoria pública de pertenza e de cesión dun espazo de laboratorio para grupos de investigación da UDC no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)

Contido

1. PREÁMBULO	3
2. CONDICIÓN DOS GRUPOS SOLICITANTES.....	4
2.1. Requisitos xerais	4
2.2. Requisitos para solicitar a pertenza ao CICA sen cesión de espazos, so adscrición	4
2.3. Requisitos para solicitar a cesión dun espazo no CICA.....	4
2.4. Aliñación coa Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC	4
3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.....	5
4. COMISIÓN DE SELECCIÓN.....	5
5. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA E CRITERIOS DE VALORACIÓN	5
5.1. Documentación requirida para a valoración dos méritos	5
5.2. Criterios de valoración.....	6
6. PUBLICACIÓN DO RESULTADO DA CONVOCATORIA, ACEPTACIÓN DA ADXUDICACIÓN E RECLAMACIÓN.....	7
7. PERTENZA E CESIÓN DE ESPAZOS E INSTALACIÓN. ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN DA CESIÓN DE ESPAZOS	7
8. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN	7
9. OBRIGAS DOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN ADXUDICATARIOS.....	8
10. INCOMPATIBILIDADES	8
11. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DA CESIÓN DO ESPAZO	9
ANEXO 1. FORMULARIO DE SOLICITUDE.....	10
ANEXO 2. ESPAZO NO CICA: LABORATORIO 4.03 (síntese química)	11
ANEXO 3. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE CESIÓN TEMPORAL	14

II Convocatoria pública de pertenza e de cesión dun espazo de laboratorio para grupos de investigación da UDC no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)

1. PREÁMBULO

Os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), indican no seu artigo número 21 que a Universidade da Coruña, en uso da súa autonomía, poderá crear outros centros docentes, de investigación ou de creación artística, propios ou concertados, distintos das facultades, escolas e institutos. Dentro dese mesmo artigo 21 indícase, no seu apartado 3, que os centros tecnolóxicos estarán orientados a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación e asesoramento. Con ese fin, no ano 2012, a UDC realizou unha convocatoria pública de pertenza e de asignación de espazos temporais de laboratorios para grupos de investigación da UDC no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), fixando os seguintes obxectivos básicos específicos:

- O desenvolvemento de proxectos de investigación financiados tanto en convocatorias públicas como privadas, e con empresas.
- A transferencia dos resultados de investigación dentro do marco da protección intelectual destes.
- A formación de persoal investigador e a colaboración, tanto nacional como internacional, con grupos e centros de investigación de referencia.
- A difusión de resultados a través de publicacións, teses de doutoramento, reunións científicas e actividades dirixidas á comunidade científica.

Nese marco de fomento da actividade investigadora a UDC publica esta convocatoria para:

- a) Adscribir ata tres novos grupos de investigación da UDC ao CICA, sen espazo de laboratorio.
- b) Ceder temporalmente un espazo de laboratorio no CICA de aproximadamente 50 m², coa súa correspondente zona de grupo duns 30 m² e co equipamento e o mobiliario descrito no Anexo 2 (páxina 11). Este laboratorio está preparado principalmente para desenvolver liñas de investigación relacionadas coa síntese química.

A pertenza ao CICA e a cesión dos seus espazos non son situacións que teñan por que darse necesariamente de modo simultáneo, senón que é posible que un grupo pertenza ao CICA aínda que non ocupe espazos físicos.

É importante subliñar que a pertenza ao CICA implicará que os grupos formarán parte tamén da Agrupación Estratéxica (AE) CICA-INIBIC, unidade de investigación definida pola Xunta de Galicia.

Poderán adscribirse como máximo tres novos grupos de investigación da UDC. Os grupos da UDC que xa forman parte da AE CICA-INIBIC, pero que ata o de agora non formasen parte do CICA, non contabilizarán neste cómputo.

2. CONDICIÓN DOS GRUPOS SOLICITANTES

2.1. Requisitos xerais

Poderán presentarse a esta convocatoria os grupos de investigación que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Figurar no catálogo de investigación da UDC como grupo recoñecido.
- b) Ter pasada unha avaliación da antiga ANEP ao longo dos anos 2016, 2017 ou 2018.

2.2. Requisitos para solicitar a pertenza ao CICA sen cesión de espazos, so adscrición

Os grupos deberán cumprir polo menos unha das seguintes condicións:

- a) Ter en vigor unha axuda da Xunta de Galicia, ou que finalizase no 2018, para “Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i”.
- b) Ou demostrar que, como mínimo, reúnen tres das seguintes condicións:
 - Un dos membros do grupo ser investigador principal dun proxecto de carácter nacional ou internacional nos últimos 3 anos, relacionado coas liñas da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC.
 - Ter 6 publicacións indexadas no JCR nos últimos 3 anos, e que 2 sexan Q1, relacionadas coas liñas da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC.
 - Ter presentada 1 tese de doutorado nos últimos 3 anos relacionada coas liñas da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC.
 - Ter asinado un contrato Artigo 83 de polo menos 3.000 € nos últimos 3 anos.
 - Ter presentada unha patente de carácter nacional ou internacional nos últimos 3 anos relacionada coas liñas da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC.

2.3. Requisitos para solicitar a cesión dun espazo no CICA

Os grupos deberán cumprir as tres seguintes condicións:

- a) As mesmas que para a solicitude de pertenza ao CICA (ver apartado 2.2).
- b) Non ter espazo asignado na anterior convocatoria de cesión de espazos no CICA do ano 2012.
- c) Debido á tipoloxía do laboratorio, as liñas de investigación deben estar relacionadas coa síntese química.

Terán preferencia aqueles grupos que na actualidade xa forman parte do CICA pero que non tivesen un espazo asignado na convocatoria do ano 2012, con independencia da puntuación que acaden os grupos en aplicación do baremo.

2.4. Aliñación coa Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC

As liñas de investigación dos grupos deberán estar aliñadas coas catro áreas principais da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC: a biotecnoloxía, a biomedicina, o medio ambiente e os novos materiais.

Os grupos indicarán nunha declaración de intención como se desenvolverán a liñas de investigación do grupo en relación co CICA e coa AE CICA-INIBIC, e/ou no seu espazo.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os grupos de investigación interesados presentarán unha instancia (Anexo 1, páxina 10) dirixida ao vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC.

Lugar de presentación: as solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro Electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña provisionalmente en A Zapateira ou do campus de Ferrol (rúa Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol). Así mesmo, poderán presentarse por calquera dos procedimentos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Prazo de presentación: 1 mes a contar dende o día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO).

Se por causas xustificadas a solicitude non reunise todos os requisitos, requiriráselle a persoa asinante da solicitude para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos.

Os grupos aspirantes quedarán vinculados ao que fixeren constar nas súas solicitudes, e poderán solicitar unicamente a súa modificación mediante un escrito motivado.

4. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Unha Comisión de Selección será a encargada de avaliar todas as solicitudes que se reciban, estará formada por:

- Os membros da Comisión Interna do CICA
- Un membro da Comisión Externa da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC
- Un membro da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación da UDC

Sen prexuízo da valoración das solicitudes por esta Comisión, é de aplicación o artigo 3.1 do Regulamento do CICA aprobado polo Consello de Goberno o 04.06.2019, segundo o cal “ a incorporación de novos grupos debe ser aprobada pola Comisión interna” ao que se engade o revisto no artigo 3.2, consonte o cal “logo da proposta da Comisión Interna, corresponde ao/a reitor/a adscribir ao CICA os grupos de investigación ... “

5. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O indicado nos apartados 2.1, 2.2., 2.3 e 2.4 son os requisitos mínimos que deberán cumprir os grupos para poder presentarse a esta convocatoria.

5.1. Documentación requirida para a valoración dos méritos

- a) Indicadores do grupo nos últimos 3 anos: nº e importe de proxectos concedidos (en convocatorias autonómicas, nacionais, europeas e/ou internacionais), nº de publicacións (indicando factor de impacto, cuartil e decil), nº de teses de doutoramento lidas, nº e

importe de contratos con empresas, títulos de propiedade intelectual e/ou industrial e tecnoloxías licenciadas (ver o apartado 5.2 Criterios de valoración).

- b) No caso de que o grupo non pertenza xa a Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC, achegar unha memoria donde se explique a adecuación da iniciativa que o grupo quere desenvolver no ámbito da Agrupación. Valorarase a colaboración previa cos grupos que xa forman parte da AE (proxectos, publicacións, dirección de teses, TFM, TFG,...).
- c) Memoria na que se detalle a adecuación das liñas de investigación ao tipo de laboratorio (só no caso da cesión dun espazo).
- d) Avaliación externa que realizou o grupo na antiga ANEP.

5.2. Criterios de valoración

Méritos	Puntuación	Ponderación
Proxectos activos no período 2016-xuño 2019:		
Obtención da acreditación como Grupo de Potencial Crecemento (GPC) pola Xunta de Galicia	1 punto	28%
Obtención da acreditación como Grupo de Referencia Competitiva (GRC) pola Xunta de Galicia	2 puntos	
Outros proxectos autonómicos	0,5 puntos/proxecto	
Proxectos nacionais	2 puntos/proxecto	
Proxectos europeos ou internacionais (como socio)	3 puntos/proxecto	
Proxectos europeos ou internacionais (como coordinador)	5 puntos/proxecto	
Publicacións no período 2016-xuño 2019:		
Primeiro decil (D1)	5 puntos/publicación	31,5%
Primeiro cuartil (Q1)	3 puntos/publicación	
Segundo cuartil (Q2)	2 puntos/publicación	
Terceiro (Q3) e cuarto (Q4) cuartil	1 punto/publicación	
Teses doutorais no período 2016-xuño 2019:		
Mención internacional	2 puntos/tese	10,5%
Sen mención internacional	1 punto/tese	
Contratos Art. 83 no período 2016-xuño 2019:		
Contratos de máis de 20.000 €	3 puntos/contrato	13,5%
Contratos desde 3.000 ata 20.000 €	2 puntos/contrato	
Contratos de menos de 3.000 €	0,5 puntos/contrato	
Patentes ou títulos de propiedade intelectual solicitadas no período 2016-xuño 2019		
Patentes en explotación	5 puntos/patente	13,5%
Patentes internacionais ou europeas sen explotación	2 puntos/patente	
Patentes nacionais sen explotación	1 punto/patente	
Títulos de propiedade intelectual (registros de software)	0,5 puntos/registro	
Participación en proxectos de valoración da Agrupación Estratéxica (programa INCITA 2017)		
Proxectos presentados no programa INCITA 2017	1 punto/proxecto	3%
Proxectos que alcanzaron a 2ª fase no INCITA 2017	2 puntos/proxecto	
Adecuación das liñas do grupo coas da AE CICA-INIBIC e ao tipo de laboratorio		
Encaixe do grupo na Agrupación Estratéxica, colaboración previa cos grupos desta e adecuación das liñas de investigación co laboratorio de síntese química (de ser o caso)	Até 10 puntos	
Avaliación da antiga ANEP		
Cualificación A	5 puntos	
Cualificación B	3 puntos	

Cualificación C	2 puntos	
Cualificación D	0 puntos	

A Comisión de Selección poderá establecer unha puntuación mínima para poder optar tanto a adscrición como a cesión, por debaixo da cal quedaría deserto.

6. PUBLICACIÓN DO RESULTADO DA CONVOCATORIA, ACEPTACIÓN DA ADXUDICACIÓN E RECLAMACIÓN

Prazo e lugar de publicación de resolución: máximo 1 mes desde a finalización de presentación de solicitudes e poderá consultarse en <https://cica.udc.es/> e en https://sede.udc.gal/services/electronic_board.

Contido da resolución:

- Nome do grupo ao que se lle cede temporalmente o espazo no CICA. Elaborarase tamén una listaxe de agarda por orde de puntuación. A cesión do espazo poderá quedar deserta no caso de non se presentar ningunha solicitude ou se as liñas de traballo do grupo non se axustan ao tipo de laboratorio que se oferta.
- Nome do/s grupo/s que se adscribirán ao CICA. Poderán adscribirse como máximo 3 novos grupos de investigación da UDC (os grupos da UDC que xa forman parte da AE CICA-INIBC pero que ata o de agora non formasen parte do CICA non contabilizarán neste cómputo). Elaborarase tamén una listaxe de agarda por orde.

Obxecto e prazos de reclamacións:

- Convocatoria: contra a presente convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, os interesados poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, ante os xulgados co contencioso-administrativo de A Coruña, e, con carácter potestativo e previo, poderán interpoñer, un recurso de reposición, no prazo dun mes, perante o Reitor
- Adxudicación: contra a resolución de adxudicación poderá interpoñerse un recurso de reposición ante o reitor desta Universidade no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da súa publicación.

7. PERTENZA E CESIÓN DE ESPAZOS E INSTALACIÓNS. ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN DA CESIÓN DE ESPAZOS

O grupo e a UDC asinarán un documento de aceptación de cesión de espazos que entrará en vigor no momento da súa sinatura (Anexo 3). A súa vixencia será de seis anos, posteriormente prorrogables dende o momento da entrega, prórroga que se avaliará con base ao informe de actividade que os grupos de investigación deberán entregar ao director do CICA. Ademais, os grupos deberán someterse as avaliacións da Comisión Externa e a calquera outra que se lles solicite. A súa pertenza ao CICA e a AE estará condicionada ao resultado das ditas avaliacións.

8. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

As partes poderán modificar ou resolver a correspondente adscrición e cesión de espazos en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán cancelar a mencionada adscrición ou cesión en calquera momento tras a comunicación por escrito á outra parte cun mes de antelación.

De se autorizar a renuncia, a Comisión de Selección adxudicará o espazo ao grupo que tivese máis puntuación na listaxe de agarda, e realizará a súa actividade desde o día da incorporación até o remate do período previsto para o grupo inicialmente seleccionado.

Constitúe causa de resolución da cesión o incumprimento das obrigas das partes. Considéranse incumprimento das partes, entre outros, a falta de uso ou a infrautilización do espazo cedido, o arrendamento ou a cesión sen consentimento, a realización de obras sen autorizar, causar danos dolosamente nos bens cedidos ou incumplir tras advertencia escrita e debidamente notificada as obrigas establecidas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC.

Outra causa de resolución será a perda da condición de grupo segundo o Regulamento da UDC e no caso de que un grupo se divida en varios, será a Comisión Interna quen decida sobre quen continúa ou se é necesario publicar unha nova.

9. OBRIGAS DOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN ADXUDICATARIOS

Os adxudicatarios realizarán as súas tarefas de acordo co estipulado na convocatoria e no correspondente documento de aceptación de espazos, de ser o caso.

Son obrigas dos grupos as seguintes:

- Xustificar ante a UDC, se for o caso, que cumpre os requisitos e as condicións necesarias, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaren a concesión ou o aproveitamento do espazo.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a UDC, se for o caso, así como a calquera outra de comprobación e de control que puideren realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle for requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Os grupos beneficiarios gardarán con absoluto rigor o segredo profesional e adquirirán o compromiso de non utilizar en ningún caso as informacións doutros grupos e/ou as empresas con que colaboran que puideren chegar a coñecer con motivo do traballo que desenvolveren. Este compromiso será válido non só durante o período de adscrición ou permanencia no CICA, senón tamén unha vez que finalice este, salvo que exista un mutuo acordo de colaboración, que será necesario levar a público en caso de ser denunciada esta actitude por parte dalgún dos grupos do CICA.
- Someterse á avaliación de actividades mediante un seguimento anual baixo unha memoria de actividades, así como avaliacións periódicas por parte dunha Comisión Avaliadora Externa ou calquera outra avaliación.

10. INCOMPATIBILIDADES

A adxudicación é incompatible coa existencia doutras cesións vixentes da mesma natureza en calquera outro centro de investigación da Universidade da Coruña, así como a pertenza a outro centro de investigación distinto do CICA.

Consonte a isto, os grupos aspirantes declarararán, ao asinaren a instancia no modelo oficial (Anexo 1), que son certos todos e cada un dos datos que se consignan na solicitude, así como que reúnen as condicións esixidas na convocatoria.

11. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DA CESIÓN DO ESPAZO

De acordo co previsto nesta convocatoria, o grupo de investigación subscribirá un acordo coa UDC que regulará o modelo de relación entre esta e o grupo, así como as condicións do uso do espazo e medios que a UDC pon á disposición do grupo no CICA, e especificará as obrigas de mantemento e coidado que asumen as persoas usuarias (Anexo 3).

A Coruña 6 de setembro de 2019

O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

En exercizo de competencias delegadas polo reitor, segundo a resolución reitoral do 12 de xaneiro de 2016, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos (artigo 4).

Salvador Naya Fernández

ANEXO 1. FORMULARIO DE SOLICITUDE

II Convocatoria pública de pertenza e de cesión dun espazo de laboratorio para grupos de investigación da UDC no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)

Datos do grupo de investigación solicitante

Nome do grupo:	
Departamento ao que pertence:	
Centro/facultade ao que pertence:	
Área(s) de investigación do grupo vinculada(s) a Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC: <input type="checkbox"/> Biomedicina <input type="checkbox"/> Biotecnoloxía <input type="checkbox"/> Medio ambiente <input type="checkbox"/> Novos materiais	
Nome do/a coordinador/a do grupo:	
Correo electrónico:	Teléfono:
Solicita participar no proceso de (marque unha ou as dúas opcións): <input type="checkbox"/> Pertenza ao CICA <input type="checkbox"/> Cesión dun espazo no CICA	

1. INFORMACIÓN SOBRE O GRUPO DE INVESTIGACIÓN SOLICITANTE

Incluír un CV do grupo cos requisitos e méritos indicados nos apartados 2º e 5º dos últimos 3 anos (2016 a xuño de 2019).

2. RESUMO DA INICIATIVA QUE SE VAI LEVAR A CABO NO CICA E ALIÑAMENTO DAS SÚAS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN COAS ÁREAS DA AE CICA-INIBIC

Nun máximo de 2 páxinas explicar o encaixe do grupo no CICA e na AE CICA-INIBIC. A información sobre o CICA pode consultarse en: <https://cica.udc.es/> e a da AE CICA-INIBIC en <http://cicainibic.udc.es/>.

3. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE ESPAZO DE LABORATORIO NO CICA E DUN LABORATORIO DE SÍNTESE QUÍMICA

Nun máximo de 2 páxinas xustificar a necesidade de espazo de laboratorio que ten o grupo e a idoneidade do laboratorio de síntese química para o desenvolvemento da súa investigación.

Nun máximo 1 páxina detallar as colaboracións con grupos da AE CICA-INIBIC, así como outros aspectos que crea que poden ser de interese para a avaliación.

Quen asina embaixo, en representación do grupo de investigación solicitante, declara que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria para ser seleccionado como grupo de investigación adxudicatario.

A Coruña, ____ de _____ de 2019

O/a coordinador/a do grupo

Asdo. _____
(Nome e apelidos do/a coordinador/a do grupo)

SR. VICERREITOR DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

ANEXO 2. ESPAZO NO CICA: LABORATORIO 4.03 (síntese química)

Localización: planta 4 (situación no plano A+4.03). Total: 80 m² (laboratorio de aproximadamente 50 m² e zona de grupo duns 30 m²).


Dotación do laboratorio:

- Armarios vitrina de colgar: 1 módulo de 1200x350x450 mm, 3 módulos de 600x350x450 mm e 3 módulos de 900x350x450 mm.
- Armario para ácidos e bases con ventilación: 2 módulos de 600 mm e 2 módulos de 545 mm debaixo das vitrinas.
- Armario de seguridade para produtos inflamables: 1 módulo debaixo da vitrina de 560 mm, 2 de 600 mm e 1 de 840 mm.
- Armario para reactivos e substancias químicas con conexión á rede de ventilación: 1 módulo de 600x550x2090 mm.
- Brazos de extracción articulados: 3.
- Módulos para bombas de valeiro: 1 de 1200 mm e outro de 1145 mm debaixo das vitrinas.
- Módulos de almacenaxe baixo as mesas mural e central:
 - Módulos de 1 porta: 4 módulos de almacenaxe de 1 porta con rodas de 600 mm.
 - Módulos de 2 portas: 1 módulo de almacenaxe de 2 portas sen rodas de 900 mm.
 - Módulos de caixóns: 4 módulos de almacenaxe de caixóns con rodas de 600 mm.
- Ducha de emerxencia.
- Vertedoiro de 1200x675x900 mm con encimera, 1 seno, 1 billa, lavaollos de emerxencia e módulo debaixo de 1200 mm para eliminación de residuos sólidos/lixo.
- Vertedoiro de 1350x674x900 mm con encimera, 2 senos, 1 billa e módulo debaixo de 1350 mm con 2 portas abatibles.
- Mesa central de dúas caras en vidro de 1500x1350x900 mm, estantes e sistema de servizos.
- Mesas móbiles de 1350x600x900mm con 4 rodas con freo en tableiro melamínico e estante inferior: 2.
- Mobles para residuos (ácidos/bases, inflamables e sólidos): 1 para residuos ácidos/bases baixo a vitrina e 2 para sólidos, un baixo vitrina e outro debaixo do vertedoiro.
- Vitrinas de gases de uso xeral de 180 cm: 3.
- Vitrina de gases de uso xeral de 210 cm: 1.
- Gases: argon, aire comprimido e nitróxeno.
- Sistema de auga de recirculación.

Dotación da zona de grupo: 1 mesa de 400x120 cm, 4 armarios de 300x42x100 cm, 6 cadeiras con rodas, 6 papeleiras, 1 paragueiro e 2 colgadoiros (1 na zona de grupo e outro no laboratorio).

Outros servizos: conexións para teléfono e internet no laboratorio e na zona de grupo.

PLANO DO ESPAZO (pode ver os plano detallados do laboratorio premendo aquí):



FOTOS DO LABORATORIO:



Conxunto de 4 vitrinas de gases (parte esquerda do laboratorio)



Vitrinas de gases 1ª e 2ª (parte esquerda do laboratorio)



Vitrinas de gases 3ª e 4ª (parte esquerda do laboratorio)

FOTOS DO LABORATORIO:



Vertedoiro + espazo para neveira (entrando á esquerda)



Armario para reactivos e substancias químicas + Armarios colgados para almacenaje (parte dereita do laboratorio)



Mesa central + Mobles baixos + Vertedoiro + Brazos extractores

ANEXO 3. DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE CESIÓN TEMPORAL

Tras a concesión da cesión temporal dun espazo deberá asinarse un acordo básico entre o grupo de investigación e a UDC no que se regularían as condicións do uso dos espazos e medios.

O documento de aceptación recollerá estas condicións:

1. Entrada en vigor e duración da cesión de espazos

A cesión de espazos entrará en vigor no momento da sinatura deste documento por parte do grupo de investigación. A súa vixencia será de seis anos, posteriormente prorrogables desde o momento da entrega, prórroga que se avaliará, a través da Comisión Externa, con base no informe de actividade que os grupos de investigación deberán entregar ao/a coordinador/a do CICA.

2. Pertenza e cesión de espazos e instalación

Os grupos de investigación con espazos cedidos no CICA serán partícipes das actividades regulares do centro, incluído o apoio das súas unidades administrativas, de xestión de proxectos e de promoción tecnolóxica, das actividades de investigación e de formación e dos espazos, as instalacións comúns e os servizos asociados.

3. Gastos da cesión do uso

Como pagamento pola cesión do uso temporal das instalacións, os grupos non deberán aboar ningunha cota.

a) Gastos comúns

Os gastos comúns (auga, luz, seguridade, limpeza, mantemento xeral do edificio etc.) ligados ao funcionamento dos espazos ocupados polos grupos serán asumidos pola UDC desde o momento en que lles sexan cedidas as instalacións. Calquera gasto desta natureza debe ser contratado directamente polos Servizos Centrais da UDC.

Outro tipo de gastos, tales como gases ou mantementos específicos de equipos, serán asumidos directamente polos grupos de investigación.

b) Obrigas de conservación

O grupo fica obrigado ao mantemento das características dos espazos cedidos e non poderá realizar obras que alteren a súa estrutura ou instalacións sen permiso por escrito do centro e co visto e prace do Servizo de Arquitectura e Urbanismo, agás pequenas reparacións necesarias para paliaren o desgaste ordinario, ou aquelas que foren necesarias para evitar un dano inminente, caso en que deberá comunicalo previamente ao responsable do CICA. Os gastos derivados destas reparacións necesarias correrán a cargo da UDC.

No caso de que o grupo necesite acondicionar un espazo de laboratorio para a instalación dun equipo, os gastos serán por conta do grupo que presentará ao responsable do CICA unha memoria da instalación que será aprobada polo SAU.

Os danos ou as indemnizacións necesarias por causa de defectos materiais ou ocultos nas instalacións ou no edificio serán asumidos integramente pola UDC.

c) Destino

O grupo destinará os espazos única e exclusivamente ao desenvolvemento da súa

actividade investigadora, docente (unicamente nos casos de titorización/realización de traballos de fin de grao e de fin de mestrado, con autorización previa do/a coordinador/a do grupo e o visto e prace do/a decano/a do centro responsable do grado ou mestrado; así como visitas guiadas autorizadas previamente polo centro) e de transferencia de tecnoloxía. Se para levar a cabo a actividade do grupo no ben cedido for necesaria a obtención de calquera tipo de licenza ou permiso, o grupo comprométese a obtelo pola súa conta.

O grupo non poderá en ningún caso arrendar ou ceder, en todo ou en parte, os bens cedidos. De isto acontecer, a UDC poderá dar por finalizada validamente a cesión de forma inmediata, sen lugar a ningunha indemnización en favor do grupo, e poderá esixir a devolución dos espazos sen necesidade de ningún tipo de requirimento previo pola súa parte. A UDC poderá establecer unha sanción ao grupo de investigación por incumprimento desta parte da normativa.

d) Responsabilidades

Os grupos asumirán os gastos de reparación dos danos causados a persoas e bens derivados do desenvolvemento da súa actividade. Para tal efecto, deberán subscribir o seguro de responsabilidade civil oportuno, agás se estiver cuberto polo seguro xeral da UDC nesta materia.

e) Normativa de seguridade e hixiene no traballo

Os grupos comprométese a cumprir as normas, os procedementos e as instrucións establecidas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC e/ou a consultora contratada polo CICA, de ser o caso.

f) Espazos e equipamento común

Os grupos poderán utilizar os espazos e o equipamento común tras a súa reserva a través dos medios que poña o CICA. A súa utilización seguirá protocolos elaborados polo CICA.

g) Restitución dos espazos

Vencido o período da cesión, os grupos restituirán os espazos á UDC nas mesmas boas condicións en que as recibiu, agás a deterioración natural causada polo uso lexítimo.